
Malus pumila Mill., 1768

- maceira
- manzano, m. oriental
- sagarrondo
- pomera
- apple tree
- macieira



ESTADO DE CONSERVACIÓN

Sen avaliar

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Tracheophyta	**Magnoliopsida**	**Rosales**	**Rosaceae**	***Malus***

ORIXE

Europa e Asia occidental.

CARACTERÍSTICAS

Árbore caducifolia pequena que pode alcanzar os 10 m de altura. Copa máis ou menos redondeada e pólas tomentosas. Follas simples, ovadas a elípticas, de ata 4-13 cm de longo, xeralmente redondeadas na base. A marxe é festoneada-serrada; superficie superior verde escura e a inferior densamente tomentosa. Flores brancas ou lixeiramente rosadas, duns 5 cm de diámetro, case sésiles ou con pedúnculos curtos, en corimbos de 3-6. O froito é un pomo de forma variable, xeralmente redondeado, de 5-10 cm de diámetro; doce ou ácido, de cor variable entre verde e amarelo, incluíndo o vermello. Florece na primavera, arredor de abril e maio.

HÁBITAT

Cultivada amplamente en hortas e regadíos. En climas temperados e húmidos pode medrar de forma silvestre. É moi sensible ao frío intenso e ás xeadas e non tolera a calor excesiva. Prefire solos arxilo-calcarios ou arxilo-silíceos frescos e ben drenados.

DISTRIBUCIÓN

Asia central, rexións temperadas de Europa, América e Australia. Case toda a Península Ibérica, principalmente nas rexións setentrionais.

CURIOSIDADES

É a árbore froitera máis cultivada, o que dá lugar a numerosas variedades e cultivares.